



Detalle do
cartel feito
por Manolo
Figueiras
para a obra

25 ANOS
DE SARABELA TEATRO

AUTORES ESTRANXEIROS

Kundera: 'XACOBE E O SEU AMO. HOMENAXE TEATRAL A DIDEROT'

Xacobe e o seu amo viaxan desde Francia, posiblemente para facer o «Camiño de Santiago». Na viaxe aséntanse tres historias de amor: a do amo, a de Xacobe e a da Señora das Mazaeiras. Cunha técnica de polifonía (as tres historias non se relatan sucesivamente, se non entremesturadas), e

tamén cunha técnica de variacións (de feito, cada unha das historias é unha variación das outras), Kundera constrúe con grande mestría unha obra propia na que se atopan dous séculos e dous xéneros (novela e teatro).



SOBRE XACOB E O SEU AMO

(Xacobe e o seu amo) É unha comedia complexa porque por unha parte hai elementos propios da comedia que serían as tres historias de amor que van contando tres personaxes da mesma pero, á vez, dunha maneira paralela, Xacobe e o seu amo van facendo unha serie de reflexións máis serias sobre temas como o destino, a lealdade, a literatura... Hai unha mestura de todos estes temas, non hai un tema único.

A proposta que fai Kundera vai crear distintos espazos escénicos no mesmo escenario e iso faise a través do xogo dos actores.

Os personaxes teñen un gusto especial polo conto pero non simplemente contan, senón que ademais representan ese conto, é dicir, viven o conto; daquela, estes dous mundos que en moitas ocasións se van entremesturar conséguense grazas aos movementos, aos xestos, ás voces dos actores, a recursos propios dos actores, máis que a cambios escénicos en si.

CARLOS COUCEIRO CARRO

(Texto extraído da entrevista realizada para o programa cultural da TVG Etcétera, en Vigo o 26 de maio de 1994)

R. Aparicio | *La Región* | martes 20 de xuño de 1993

A Madurez

Dáme un certo reparo decir que tal vez sexa esta a obra de madurez de Sarabela. O que si é cero é que a pasada noite pudemos asistir a un exitoso exercicio que sería a correcta definición do *Xacobe e o seu amo*, texto fermoso e de non doada posta en escea. Fermosa tamén a adaptación de Carlos Couceiro nun galego no que cáseque todos os actores manexábanse con naturalidade, o que era

unha virtude máis a engadir á precisa e preciosa actuación de Adolfo Salgado no persoaxe de Xacobe.

Encanto

Tamén merece ser destacada a pousadeira que interpretou Helena Seijo, cúa traxectoria como actriz vai paralela á do grupo: sempre a máis. Ten Helena un encanto especial no xesto e na voz que fai esperar dela moitos gratos momentos nos escenarios.

Paso a paso vaise consolidando a traxec-

toria deste grupo no que a formación continúa e a explosión conxunta do feito teatral son características inseparábeis.

O público agradeceu esta nova faceta de Sarabela e seguirá agradecendo a medida que vaia evolucionando nas vindeiras representacións.

A destacar o silencio e o calor do sufrido público da Mostra, cúa atención nen o duro cemento do auditorio do Castelao foi quen de distraer, recoñecendo o importante esforzo que supuxo esta montaxe.

Camilo Franco | *La Voz de Galicia* | martes 20 de xuño de 1993

Os camiños da dialéctica

A pregunta era se cada quen sabe onde vai e unha das respostas posibles é que Sarabela coñece os seus camiños e que *Xacobe e o seu amo* resulta ser unha proba de madurez. O salto no rexistro dende as últimas tres obras da compañía ata a estreada en Ribadavia é considerable, pero

esta comedia reelaborada por Kundera, tan pretencioso noutras ocasións, ofreceu a Sarabela a oportunidade de achegarse ó público sen separarse de sí mesmos. Tres aspectos destacan: a elección do texto, aplicación na escena e o traballo actoral, guiados os tres polo mesmo espírito de profundizar no matiz e de ser sobrios sen deixar de ser elegantes. A sobriedade do razonamento non pedante e a elegancia da dialéctica desenvolta con ironía.

A dialéctica estriba no dúo (ou quizais

parella) que forman Adolfo Salgado e Fernando Dacosta, escoltados a certa distancia por Elena Seijo e Marco Aurelio González. Dialéctica son tamén os cambios de tempo (ou deberíamos escribir flash back) que levan ó espectador dunha banda a outra do escenario como se foran subindo e baixando pola escaleira da historia. Unha escaleira presentada cun pouco de enredo, aproveitando os recursos e cun moito de intelixencia.

J. A. Martínez Sevilla | *La Voz de Galicia* | martes 9 de maio de 1995

El factor humano

En el Centro Social de Labañou, el grupo orensano Sarabela Teatro representó *Xacobe e o seu amo*, de Milan Kundera, en feliz adaptación de X. C. Couceiro.

Una comedia magnificamente pergeñada, en la cuya se relatan tres historias entremezcladas pero, al mismo tiempo, independientes y complementarias, que el público siguió por su interés novelesco y teatral.

Un viaje por tierras galas, que el adaptador señala itinerario a Santiago, da pie a reflexionar sobre el factor humano.

La escenografía está servida por un sencillo y elocuente armazón metálico, que proyecta los distintos lugares donde transcurre el espectáculo, desarrollándose con humor e imaginación.

Doce actores, dirigidos firmemente por Ángeles Cuña, dejan constancia de preparación y aptitudes para ocupar, por méritos propios, un lugar privilegiado

en la escena gallega. Acaso, sin que ello quiera significar exclusiones, cumpla citar a Elena Seijo, Adolfo Salgado y Fernando Dacosta.

El argumento resulta sensible, delicado, burlón y tierno en una faceta poco conocida del gran escritor checoslovaco que, junto a la estremecedora ironía trágica de su compatriota Franz Kafka, son pilares en la cultura europea.

